

***ETNO RITUAIS NO SANTUARIO DO SAN BARTOLOMEU DE
ABRAGÁN (O CORGO) (LUGO).***

AUTORES:

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO E LOIS LADRA.

Doutor en Historia Proxecto CORGORAL

**PUBLICADO NA REVISTA CORGA Nº 10. REVISTA ANUAL DO CENTRO DE
ESTUDOS DO CORGO. ANO 2023.**

ETNO RITUAIS NO SANTUARIO DO SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN (O CORGO) (LUGO).

AUTORES:

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO E LOIS LADRA.

RESUMO

Achega etnolóxica ás crenzas, devocións e rituais propios da romaría do santuario do San Bartolomé de Abragán (O Corgo, Lugo). O estudo foi elaborado polos autores *in loco*, seguindo as bases metodolóxicas propias do método etnográfico: observación directa, observación participante, entrevistas semidirixidas... Os traballos de campo decorreran durante as festividades correspondentes aos anos 2022 e 2023.

PALABRAS CLAVE

Antropoloxía da relixión, método etnográfico, observación participante, relixiosidade popular, santuarios, O Corgo.

I. LIMIAR

No municipio corgués hai unha capela no lugar de Abragán na que o día 24 de Agosto segue viva a chama da piedade popular. Esta mostrase viva de cara a un territorio de

gracia, que ocupa unha extensión menor á doutros santuarios do municipio ¹. No obstante, isto non é motivo para que non se leve a cabo un estudio dun recinto sacro, que aínda segue posuíndo unhas peculiaridades específicas en canto a súa operatividade, reflectida nunha serie de rituais e ofrendas moi ben cumprimentadas polos seus devotos. Pois ben, neste breve estudio que imos levar a cabo sobre este santuario imos facer alusión aos seguintes trazos: En primeiro termo, é mester localizar o santuario por medio das Coordenadas U.T.M. e, tamén, dende unha óptica eclesiástica e civil. Logo, cómpre sinalar os datos artísticos e documentais máis relevantes. Finalmente, hai que analizar o influxo devocional, que exerce este santuario na súa contorna, patentizado non só nos pedimentos dos devotos, senón tamén nos rituais e ofrendas de observancia.

II. O CONCEPTO DO SANTUARIO.

A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. Cada comunidade vive e manifesta a fe dun xeito propio. Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e manifesta o seu sentir. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. **(FOTO Nº 1)** Para comprendela cómpre ter en conta o pasado; o que na actualidade a rodea; os trazos do lugar; o estilo das persoas; como viviron o cristianismo; que é o que herdaron dos séculos pasados; que é o que cada unha das xeracións recibiu e achegou. Polo tanto, é popular o que o pobo crea mais tamén o que recibe, asimila e fai propio. Unha das manifestacións da relixiosidade popular radica nos santuarios.

O santuario é un espazo de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A el van devotos da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos afastadas segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro. **«El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local»** ². Cando os romeiros non pertencen á parroquia o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha advocación de Cristo; de María; ou dalgún santo-a. **«El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de**

¹ Santuario das Virtudes, domingo da Ascensión. San Miguel de Pedrafita./ Santuario do San Bernabé, 11 de Xuño, Castrillón, freguesía de Santiago de Gomeán./ Santuario do Anxo da Garda, o segundo domingo do mes de Maio, freguesía de Santa Catarina de Anseán.

² CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago, 1982, páx. 6.

especial devoción» ³ Estes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para suplicar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar, obter boas colleitas, rogo polos recién nados...) e, algunhas –as menos– de carácter espiritual; tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requiridas. **«Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva»** ⁴. (FOTO N° 2)

III. LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO DO SAN BARTOLOMEU ⁵.

A efectos eclesiásticos a capela do San Bartolomeu está situada na aldea de Abragán⁶, parroquia de San Bartolomé de Abragán⁷, anexionada actualmente á parroquia de Santa María de Escoureda, arciprestado de Sarria-Samos⁸, e diocese de Lugo. Dende unha óptica civil este recinto sacro está emprazado na aldea de Abragán, parroquia de San Bartolomé de Abragán, concello de O Corgo ⁹, comarca de Lugo, e provincia de Lugo. O concello de O Corgo posuía 3429 habitantes a comezos do ano 2022, distribuídos nunha superficie de 157,33 km² na que se encontran 38 parroquias¹⁰. A comarca de Lugo está situada na parte central da provincia do mesmo nome. Ocupa unha superficie de 1365

³ MARINÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 13.

⁴ PRAT I CARÓS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, *en la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

⁵ Figueroa Paz, Autor: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). *Autor dos mapas de localización*

⁶ A 1 de xaneiro do ano 2022, esta aldea tiña 7 habitantes.

⁷ Trátase dunha pequena freguesía, que foi suprimida hai anos; está situada no sureste do Concello de O Corgo, e limita co municipio de Láncara. No ano 2019 esta parroquia posuía 51 habitantes distribuídos nunha superficie de 3,76 km² onde se encontraban as entidades de poboación de Abragán, Coedo, Lago e Laiño.


⁸ Dende a reestruturación feita no ano 2010. Antes tratábase do arciprestado de Farnadeiros.

⁹ Este concello posúe unha superficie de 157,33 km², e a comezos do ano 2022 tiña unha poboación de 3429 habitantes.

¹⁰ Abragán, San Bartolomeu; Adai, Santiago; Anseán, Santa Catarina; Bergazo, San Fiz; Cabreiros, Santa Mariña; Campelo, San Xulián; Camposo, Santiago; Castrillón, San Salvador; Cela, San Xoán; Cerceda, San Pedro; Chamoso, San Cristobo; Escoureda, Santa María; Farnadeiros, San Pedro; Fonteita, Santiago; Franqueán, Santa María; Gomeán, Santiago; Lapío, San Miguel; Laxosa, Santiago; Maceda, San Pedro; Marei, Santa María; O Alto, Santalla; O Corgo, San Xoán; Paradela, San Fiz de; Pedrafitas, San Miguel; Queizán, Santa María; Quinte, Santalla; Sabarei, Santa María Madanela; San André de Chamoso; San Bartolomeu de Chamoso; San Cosme de Manán; San Martiño de Folgosa; San Pedro de Arxemil; San Xiao de Vilachá; Santa María de Manán; Santa María de Piñeiro; Santo Estevo de Farnadeiros; e Santo Estevo de Folgosa.

km² e a principios do ano 2022 posuía unha poboación de 117.657 habitantes, distribuída nos seguintes municipios: Castroverde (2592), O Corgo (3429), Friol (3627), Guntín (2627), Lugo (97211), Outeiro de Rei (5296) , Portomarín (1352) e Rábade (1503).


A esta capela accédese dende Lugo, que dista uns sete km. e setecentos metros, pola N-VI (Madrid–A Coruña), e pouco antes de chegar ao núcleo central de O Corgo hai que coller unha estrada local¹¹, situada no flanco esquerdo, que nos leva directamente ao espazo sacro. **(FOTO N° 3)**



LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DO CORGO NA PROVINCIA DE LUGO

¹¹ Posúe o rótulo de Abragán.

LOCALIZACIÓN DA PARROQUIA DE ABRAGÁN NO CONCELLO DO CORGO



IV. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DO ESPAZO SACRO ¹².

A capela do San Bartolomeu, denantes igrexa parroquial, está emprazada no sitio máis elevado do lugar de Abragán ao carón dunha carballeira. A súa fachada posúe unha porta alintelada e unha espadana dun van cun campanil no que se le a seguinte inscrición: “*San Bartolomé / Ora por nobis / 1899*”. A súa construción foi realizada en boa medida con importantes pezas graníticas. Este recinto sacro amosa no seu exterior unha cuberta a dúas augas, realizada con laxas de lousa ao igual que o seu pavimento. Con respecto ao seu interior, mostra un presbiterio cunha liña moi semellante á da nave; este presenta un arco triunfal en aresta, realizado con pedra granítica. Ademais, é mester distinguir un sinxelo retablo de deseño renacentista con dúas tallas: unha delas, cun libro e capa, que podería ser San Benito; e a outra, San Busto. Así mesmo, ao carón da parede lateral dereita hai un mobile a xeito de carruaxe, no que están colocadas catro tallas do San Bartolomé: unha delas, pequena, que se usa para “poñer o santo”; a de “San Berto vello”, foi restaurada por unha devota anónima; un “San Berto novo”¹³; ademais, hai unha talla da Virxe do Carme co seu escapulario ¹⁴.

Ata hai uns vintes anos aproximadamente esta capela foi coidada por Pilar Díaz Porto, da “Casa do Rizo” de Abragán; todos os anos gardaba nunha caixiña “a coroa e o escapulario”, que levaba o San Bartolomé, e o día da súa festividade –o 24 de Agosto– poñíalllos de novo ao santo xunto cun manto novo. Ao morrer esta devota, a capela pasou ao coidado de Carmen Pardo Vilanoba, tamén da “Casa do Rizo”. Hai uns dez anos que se fixeron algunhas reformas na capela, afectando preferentemente a cuberta, e ao pintado e masas da capela. Nesta restauración foi decisiva a colaboración do concelleiro do concello de O Corgo, D. Enrique Casanova. Froito da mesma foi a placa, que se lle colocou nunha esquina do interior da capela na que se le o seguinte: “*En agradecimiento*”

¹² VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid:Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia. Servicio Nacional de Información Artística Arqueológica y Etnológica, 1975, páx. 13.

¹³ Foi doada por un membro da “Casa de Neiras” de Abragán.

¹⁴ Esta talla foi doada pola devota Elena Santa Cruz Toirán, procedente da “Casa de Penelo” de Abragán.

a / *Enrique Casanova / de la Asociación de / Vecinos de / San Bartolomé*". Nos últimos catro anos construíronse para o interior da capela cinco cadeiras¹⁵ e uns bancos¹⁶. Desta maneira, os devotos asistentes o día da festividade do San Bartolomé podían ter un comfortable acomodo. (FOTO N° 4)

V. ALGUNHAS APORTACIÓNS DOCUMENTAIS.

V. 1. ALGÚNS DATOS SOBRE A VISITA PASTORAL DO BISPO DE LUGO, D. LUCAS BUSTOS DE LA TORRE, Á VIGAIRÍA DE SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN (O CORGO) NO ANO 1701.

No ano 1701, o bispo da diocese de Lugo, D. Lucas Bustos de la Torre levou a cabo unha Visita Pastoral¹⁷ ás parroquias do actual concello de O Corgo, que formaban parte de seis arciprestados (Cotos de Lugo, Farnadeiros, Maestrescolía, Páramo-Gondrame, Picato e Sarria).

Con respecto á parroquia de San Bartolomé de Abragán, consérvanse os seguintes datos: "Es vicaría del Monasterio de Samos, que lleva todos los frutos. Sírvela el cura de Marei y le da el Monasterio quatro ducados cada un año y los frutos menores. La yglesia lleva las primicias. No hai sacramento ni chrismas. No sirve más que si fuera hermita. Sólo se dicen en misa en ella tres veces al año. Está casi aruinada y no se sabe liquido lo que tiene de caudal. Queda comisión al cura para que lo liquide y comisión para su cobrança y con ello reedifique la iglesia y asee lo mejor que pueda y no alcançado requiera al reverendísimo padre Abad de Samos su plato que faltare en consideración de perçivir todos los diezmos. (FOTO N° 5)

No ai saçcerdote, hermita, capilla, capellanía ni cofradía." ¹⁸

V.2. A VIGAIRÍA DE SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN ENTRE OS ANOS 1690 AO 1769.

¹⁵ Dúas cadeiras foron feiras por Elda e Luís, familiares da "Casa do Rizo"; e outras tres, por Manuel Díaz Pardo, da "Casa do Rizo".

¹⁶ Os bancos foron realizados coa esmola que se recadou o día da festividade do Santo.

¹⁷ O Libro de Visitas de Bustos de la Torre é a única visita pastoral encadernada conservada no Arquivo Histórico Diocesano de Lugo.

Ver Artigo de GONZÁLEZ MURADO, Óscar: Estado das Igrexas do Corgo a principio do Século XVIII, en *Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo)*, n° 9, 2022, páx. 42.

¹⁸ GONZÁLEZ MURADO, Óscar: Estado das Igrexas do Corgo a principio do Século XVIII, en *Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo)*, n° 9, 2022, páx. 42.

Esta vigairía dependía do mosteiro de Samos, que levaba todos os froitos. Estaba administrada polo párroco de Marei, nomeado D. Luís Teijeiro, ao que o mosteiro lle entregaba inicialmente cada ano catro ducados¹⁹ e os froitos menores²⁰. Posteriormente, dende o ano 1719 ao 1761, ía ser rexida polo crego D. Alonso de Páramo, que levaba tamén a freguesía de Marei. Finalmente, dende o ano 1761 ao 1768, a súa administración ía recaer no crego D. Antonio Núñez de Fontela²¹. Estes cregos dirixían esta vigairía coa axuda dun mordomo, que se encargaba de cobrar as primicias²² aos que habitaban esta área territorial. Estes entregaban “a primicia” en especie, empregando como unidade de medida a fanega²³, o ferrado²⁴, e algo o celamín²⁵. A primicia non era igual para todos, xa que había unha primicia especial para os pobres²⁶. Ademais, os veciños do lugar de **Lago** pagaban a metade da primicia a capela de Abragán, e a outra metade á igrexa de **Marei**, posiblemente debido a algún servizo eclesial, que lles proporcionaba a devandita freguesía. Algúns exemplos de primicias: **Ano 1702**. Total da primicia. Dúas fanegas de pan de primicia, máis tres reais²⁷ de primicias dos pobres. **Ano 1707**. Dúas fanegas de pan e un celamín de pan. **Ano 1712**. Once ferrados e dous reais dos pobres. **Ano 1715**. Once ferrados e un celamín. **Ano 1730**. Dúas fanegas, dous ferrados e a terceira parte doutro de pan. **Ano 1743**. Dúas fanegas, dous ferrados e a terceira parte doutro. **Ano**

¹⁹ Moeda castelá. O seu valor era de once reais ou trescentos setenta e cinco maravedís.

²⁰ GONZÁLEZ MURADO, Óscar: Estado das Igrexas do Corgo a principio do Século XVIII, en *Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo)*, nº 9, 2022, páx. 42.

²¹ Arquivo Central Diocesano. Parroquia: Escoureda. Abragán (Capilla). Libro de Fábrica, nº 1. 1690-1769.

²² COORPOREY, Fernando.: *Tratado de la historia de las religiones*. Ed. Cristiandad, pp. 235.

Era a ofrenda que, na orixe da formación das relixións e crenzas dos pobos antigos dábase ás divindades con motivo das colleitas; o nacemento das crías do gando; ou a caza ao tempo de iniciarse estas. No cristianismo, a primicia pasou a ser a parte voluntaria, que se ofrecía a Deus, a primeira entre todas. Ao inicio da Idade Media, era como unha renda polo uso de terras, que eran propiedade de igrexas e de ordes relixiosas. *Logo, foise incorporando, como o décimo, aos beneficios eclesiásticos, e que constituían as formas de financiación fundamental da igrexa católica ata ben entrado o século XIX.*

²³ En Galicia, unidade de superficie equivalente a dous mil cento tres metros cadrados. Unha fanega= case cinco ferrados.

²⁴ [https:// www. campogalego.es](https://www.campogalego.es).

Como medida tradicional agraria máis extendida en Galicia, o ferrado é un recipiente de madeira, que amosa unha forma rectangular de aproximadamente 60*30*20 cm., con capacidade para entre 12 e 20 quilogramos, segundo o tipo de cereal ou leguminosa. Aínda que en termos xerais, soe establecerse a equivalencia dun ferrado ó redor dos 500 metros cadrados, hai variacións importantes entre concellos e mesmo parroquias. Unha das explicacións para entender esta desproporción está en función da fertilidade do terreo. A máis fértil, menos ocupa un ferrado, é dicir, canto máis produtiva sexa unha terra de labor menos espazo necesita esta para obter a mesma cantidade de cereal. A comezos do século XIX, co nacemento dos concellos, foise unificando a medida para cada municipio. Así, no Corgo a medida do ferrado sería na actualidade de 436 metros cadrados.

²⁵ En Galicia o celemil coñécese como ferrado, aínda que xa vimos que hai variacións dunhas zonas a outras.

²⁶ Exemplos: Ano 1702. Tres reais de primicias de pobres. Ano 1720. Un real e medio de primicias de pobres. Ano 1733. Un real de primicia de pobres.

²⁷ No século XVIII, había reais de prata. ½ real, 1 real, 2 reais, 4 reais, e 8 reais. Tamén, había moedas de cobre: o maravedí, ½ cuarto, cuarto.

1763. 14 ferrados e un tercio doutro pola medida vella. Ademais, no libro de Fábrica, adoitaba poñerse o prezo da “unidade de medida” máis específica da primicia. Así, no ano **1702** a fanega valía 22 reais. No **1712**, 22 rs. No **1730**, 18 rs. No **1761**, 44 rs...²⁸ Pola súa tarefa, o mordomo adoitaba cobrar unha pequena remuneración económica ou subsidio. “*A este maiordomo un real y 14 maravedis de subsidio. Ano 1758*”. Dende principios do século XVIII ata o ano 1769 ²⁹, houbo un bo número de mordomos, que colaboraron nas tarefas de administración co crego encargado desta vigairía ³⁰. Neste labor de administración cómpre sinalar o pago da “décima” ao Colexio Seminario de Lugo ³¹. Tamén, diferentes arranxos que houbo que realizar tanto no interior como no exterior da capela, así como a incorporación de determinados materiais e obxectos de culto. Así, no ano 1702, o visitador pastoral mandou ao crego D. Luís Teijeiro, que as débedas pendentes dos mordomos de anos anteriores se empregasen en reparar as paredes e o teito da igrexa; e no caso de que non alcanzasen os cartos, requirise ao Abade de Samos para que puxese o que falte ³². Anos despois, no 1720, mercáronse uns santos; un misal; un cáliz; un pano de mans; ademais, realizáronse algúns arranxos no interior e no exterior da capela. No ano 1736, levouse a cabo a reconstrución da igrexa, que supuxo un custo de 630 reais. Máis adiante, no 1743, adquiriuse un retablo por 498 reais. Finalmente, xa no ano 1763, fíxose un pagamento de case 400 reis, distribuídos do seguinte xeito: 48 rs., para as táboas da porta da igrexa; para comprar as bisagras; a chave e pechaduras. 17 rs., que cobrou o carpinteiro por construír a porta cos seus marcos correspondentes. E 323 reais por realizar de novo o pé do cáliz, que era de chumbo, e ao que se lle engaden sete onzas e media de prata ³³; neste último pago van incluídos tamén a reconstrución da copa, a patena así como os seus dourados. **(FOTO N° 6)**

Por outra banda, tanto as primicias como os gastos da capela eran regulados polo bispo da diocese ou no seu nome por un visitador pastoral, que case sempre era un cóengo da

²⁸ Arquivo Central Diocesano. Parroquia: Escoureda. Atragán (Capilla). Libro de Fábrica, nº 1. 1690-1769.

²⁹ Ano no que remata o Libro de Fábrica existente sobre a vigairía de San Bartolomeu de Atragán.

³⁰ Así podemos sinalar aos seguintes: Ano 1702, Domingo López. Ano 1707, Angel Mourelo. Ano 1712, Domingo López. Ano 1715, Antonio Mourelo. Ano 1720, Pedro Díaz. Ano 1733, Bernabé Fdez. Ano 1736, Diego Mourelo. Ano 1740, Jacobo Ribera. Ano 1743, Felipe Mourelo. Ano 1748, Francisco de Sta. Cruz. Ano 1752, Juan Mourelo. Ano 1758, Manuel do Porto. Ano 1761, Juan Capón. Ano 1763, Cayetano Mourelo.

³¹ A décima era unha contribución pecuniaria que todas as freguesías da diocese lle facían ao Colexio Seminario de Lugo para colaborar non seus gastos. Exemplo. No ano 1715, tres reais e dous maravedis. No 1720, tres reais e nove mrs. No 1733, cinco reais e catorce mrs. No 1750, catro reais e vintenove mrs. No 1757, sete rs., e vinte dous mrs...

³² Xa vimos como S. Bartolomeu de Atragán é unha vigairía, que depende do mosteiro de Samos.

³³ Unha onza de prata equivale a 31 gramos.

catedral de Lugo. Así, todos os anos entre os meses de xuño e setembro, levábase a cabo unha Visita Pastoral a esta vigairía. Case sempre, tanto o bispo ³⁴ como o visitador pastoral ³⁵ aceptaban as contas, que lle amosaban o crego e máis o mordomo. No obstante, algúns anos –un no 1702 (xa visto) e outro no 1724 ante notario– mostraron as súas queixas ao crego, que levaba a vigairía, pola falta de atención que lle prestaban á capela.

VI. ALGÚNS DATOS HAXIOGRÁFICOS E ICONOGRÁFICOS DO SAN BARTOLOMEU.

Naceu no ano 17 (d. d. C.) en Caná de Galilea. Foi mencionado polos catro evanxeos na compañía do apóstolo Felipe. Segundo o evanxeo de San Xoán foi nomeado Natanael e chamado xunto a Felipe por Xesús. Segundo os “Feitos dos Apóstolos” foi testemuña da Ascensión de Xesús. A partir de aquí, varias tradicións coméntannos que estivo predicando pola Asia Menor, a India e Armenia. Aquí, a influencia positiva, que tivo a súa tarefa evanxelizadora, motivou que os sacerdotes pagáns influísen no rei armenio Astiaxes para que mandase esfolalo e decapitalo. Con todo, algunha tradición fai alusión a que foi crucificado coa cabeza de cara ao chan. O artista renacentista Miguel Anxo immortalizou o seu martirio na Capela Sixtina amosando o santo coa pel nas súas mans no seu cadro o “Xuízo Final”. Este santo é considerado patrón dos curtidores, viticultores, xastres, marroquineiros, panadeiros...Hoxe, algunhas das súas reliquias gárdanse na igrexa do San Bartolomeu nunha pequena igrexa do río Tíber; outras encóntranse nas catedrais de Frankfurt (Alemaña) e Canterbury (Inglaterra). A súa festividade conmemórase o 24 de Agosto na igrexa latina; o 11 de Xuño, nas igrexas orientais; e o 8 de Decembro entre os cristiáns armenios ³⁶.

³⁴ D. Lucas Bustos de la Torre, realizou a Visita pastoral nos anos 1701, 1702, e 1706. Logo, nos anos 1750, 1754 e 1763, fixo a visita o bispo D. Francisco Izquierdo.

³⁵ Nos anos restantes, salientamos as seguintes visitas, realizadas case sempre por cóengo. No ano 1713, D. José Quiroga, canónigo. No 1715, D. Froilán Sánchez, canónigo, que repite no 1719. No 1724, D. Francisco Xabier del Barcd. No 1740, D. Antonio Felipe, canónigo, que repite no 1743. No 1748, D. Carlos Saavedra, canónigo. No 1757, D. Antonio Rodríguez, canónigo. No 1761, D. Romualdo Izquierdo, canónigo. No 1768, D. Jerónimo Agudo, canónigo.

³⁶ ECWIKI. Enciclopedia Católica Online.

Con respecto a súa iconografía, adoita representarse con barba, cun libro e cun coitelo, instrumento usado no seu martirio. Ás veces adoita aparecer cunha cadea na súa man suxeitando o demo; tamén, co maligno baixo os seus pés ³⁷.

Nesta capela, como vimos, hai tres imaxes do San Bartolomeu, situadas enriba dunha carruaxe que amosan a seguinte iconografía. A imaxe, colocada na parte anterior esquerda da carruaxe, mostra barba; un libro, na súa man esquerda; un coitelo, na súa man dereita; e baixo os seus pés, a imaxe do demo. A talla, situada no lado posterior dereito, presenta barba, e unha cadea na man esquerda suxeitando ao demo. Finalmente, a que está colocada no lado posterior esquerdo, mostra barba; un coitelo na súa man dereita e un libro na súa man esquerda. Ademais, hai unha imaxe pequena do San Bartolomeu e un coitelo de madeira, asociada á mesma, coa que se levan a cabo os rituais de “poñer o Santo” e o “ritual do coitelo”. (FOTO Nº 7)

VII. FESTIVIDADE, TERRITORIO DE GRAZA E PEDIMENTOS.

Antano a festividade do San Bartolomeu conmemorábase os días 24 e 25 de Agosto. O 24, era o día principal, no que adoitaban acudir os devotos da contorna como Sabarei, Escoureda, Chousa, Maceda, Marei e, tamén, dalgunhas parroquias do municipio limítrofe de Láncara, moi especialmente da Poba de San Xiao, onde hai uns anos pechábanse os bares, tendas e comercios, para que os fregueses puidesen asistir ao evento relixioso. O día 25, celebrábase o San Berto³⁸ pequeno, no que adoitaban vir menos fieis, aínda que se realizaban os mesmos rituais que o día anterior; era un día adicado aos fregueses e aos invitados, que aínda quedaban.

O San Bartolomeu foi un santo que beneficiou moito aos mozos da parroquia que foron á guerra civil española. E así algúns fregueses expresaban este agradecemento dicindo: ***“Estamos moi agradecidos ao santo por devolvernlos aos nosos fillos sans”***³⁹. Tamén, cando había moita seca na parroquia e na súa bisbarra, adoitaban sácalo en procesión para propiciar a chuvia. Aínda hoxe quedan algunhas persoas na parroquia que lembran un ano

³⁷ VORÁGINE, Santiago. *La Leyenda Dorada*, Madrid: Alianza. “Segundo a tradición expulsou un demonio, denominado “Astaroth”, do interior dunha estatua que había nun templo...”

³⁸ Emprego indistintamente San Bartolomeu e San Berto. O vocábulo San Berto usábase máis que o do San Bartolomeu por parte dos fregueses da comunidade de Abragán e colindantes.

³⁹ Informante: Elvira Fernández, de Abragán.

de moita seca, no que sacaron ao santo en procesión e pouco despois comezou a chover oito días seguidos⁴⁰.

Na actualidade, o día 24 de Agosto acoden devotos das parroquias limítrofes, como Escoureda, Chousa, Maceda e, tamén., da parroquia lancaresa da Poboia de San Xiao. O motivo consiste en pregarlle ao santo a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Os pedimentos máis usuais adoitan ser por doenzas humanas ligadas coa pel, coas articulacións e con vultos. Ás veces, os pedimentos acostumaban levarse a cabo por fregueses que non podían acudir ao recinto sacro por algunha doenza. **(FOTO N° 8)**

VIII. RITUAIS E OFRENDAS.

O ser humano dende sempre estivo suxeito a unha serie de perigos e vicisitudes. Por tal motivo levaba a cabo unha serie de rituais e ofrendas coa finalidade de que as diferentes entidades sacras sentisen compaixón e fosen propiciatorias.

Hoxe os devotos, que acoden a esta capela, fano para suplicar do santo a concesión dun pedimento ou ben como mostra de gratitude por un ben acadado. Tanto nun caso como noutro realizan varios rituais e ofrendas, que poden estar máis ou menos ligados cunha liturxia oficial ou popular.

Así, hai anos, os devotos para acceder ao espazo sacro viñan andando e, tamén, en eguas e cabalos; ademais, algúns facían o último tramo de xeonllos, xa que era un signo de submisión e purificación, baseado na mortificación física, algo que se está erradicando paseniño. Na actualidade, os devotos adoitan vir en coches propios ou dalgún amigo ou familiar. Non obstante, algúns veñen andando dende os seus lugares de orixe. O camiñar constitúe unha forma sinxela de purificación e mortificación corporal. **(FOTO N° 9)**

Xa no santuario, os fieis compren cos dous rituais, de carácter oficialista, como son a misa e a procesión.

⁴⁰ Informante: Carmen Pardo Vilanoba, de Abragán.

VIII. 1. A MISA.

Noutrora, tanto o día 24 coma o día 25 o párroco e algúns cregos da contorna oficiaban varias misas ao longo da mañá e primeiras horas da tarde. Logo, entre as 13,30 e 14 horas concelebrábase unha misa solemne na que participaban varios cregos. Hoxe, o párroco ou ás veces un crego⁴¹, que fai ás veces de párroco, oficia unha misa ás 13 horas. No ano 2023, esta misa foi oficiada polo párroco de O Corgo, ***D. Óscar González Murado***, crego que goza de moitas simpatías na contorna. Houbo bastante afluencia de devotos, ata o punto que algúns deles tiveron que oír a misa dende o exterior.

VIII. 2. A PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne tiña lugar a procesión. Algúns devotos, case sempre da freguesía, sacaban nas andas as imaxes do San Bartolomeu e a imaxe mariana do Carme ata a “Campa”, situada fronte a “Casa do Rizo”, ou ata a “Cortiña do Campo”, situada un pouco máis abaixo, dependendo de onde se realizase a “festa profana”. Detrás das imaxes ían os cregos concelebrantes, algúns músicos e devotos en xeral, colocados sen distinción de idade e sexo. **(FOTO N° 10)**

No ano 2013, logo da misa oficiada ás 13 horas ⁴², saíu a procesión disposta do seguinte xeito:

En primeiro termo, ía unha cruz parroquial, portada por un fregués da comunidade. Logo, as diferentes imaxes do San Bartolomeu⁴³ e a imaxe mariana do Carme foron sacadas en procesión nunha carruaxe, levada por dous devotos na súa parte anterior e dúas devotas na súa parte posterior. Esta carruaxe foi construída por Carme Pardo Vilanoba⁴⁴. As procesión en carros enfeitados e carruaxes e moi habitual nos “Santuarios marianos do municipio de O Saviñao” ⁴⁵. A procesión ten como finalidade proxectar as manifestacións

⁴¹ Segundo Carmen Pardo Vilanoba, da “Casa do Rizo”, unha das imaxes, atribuídas ao San Berto, di que representa ao San Gabriel.

⁴² Xa dixemos que neste ano encargouse de officiar a misa o párroco de O Corgo, D. Óscar González Murado.

⁴³ Tamén chamado San Berto polos devotos e fregueses asistentes.

⁴⁴ Pertencente a “Casa do Rizo” de Abragán.

⁴⁵ BLANCO PRADO, José Manuel.:” Os Santuarios Marianos do Municipio do Saviñao (Lugo)”, *publicado en Rev. Croa, n° 30*, 2020, paxs. 69-87.

sacras fora do recinto sacro, santificando o espazo circundante. Adoita ser calificada como “*grandiosa*”, “*solemne*”, “*majestuosa*”, “*de gala*”⁴⁶. (FOTO 11)

VIII. 3. OS RITUAIS POPULARES DE “POÑER O SANTO” E O DO “COITELO DO SAN BARTOLOMEU”

Logo da procesión, realízanse dous rituais no interior da capela: O ritual de “*Poñer o Santo*” e “*O ritual do coitelo do San Bartolomeu*”. Ambos os dous son realizados por unha freguesa de Abragán, chamada *Carmen Pardo Vilanoba*, da “Casa do Rizo”⁴⁷. Esta comeza pasando unha imaxe pequena do San Bartolomeu por riba da cabeza dos devotos mentres pronuncia a seguinte xaculatoria: “**Cristo viva / Cristo Rei / San Bartolomé bendito / te libre de todo mal. Amén.** Logo, colle “*o coitelo de madeira do San Bartolomeu*” e toca os vultos e outras partes doentes dalgúns ofrendantes, mentres recita a mesma xaculatoria que no intre de “Poñer o Santo”. No ano 2023, puidemos apreciar coma a freguesa encargada do ritual, pasou “*o coitelo do San Berto*” pola cabeza, gorxa, costas, peito, e, tamén extremidades inferiores dalgúns devotos; tamén, fixo unha cruz co coitelo por riba dunha foto, que lle entregou unha devota. De aí, que o poder inherente ao coitelo transmítese ao exterior dun xeito directo máis tamén indirecto. Este ritual do coitelo tamén se emprega na actualidade nalgúns santuarios da comarca da Terra Cha, que están adicados ao San Adriano ⁴⁸. (FOTO 12)

VIII. 4. OFRENDAS.

Finalmente, hai devotos que deixan un velón aceso ao carón da imaxe de devoción e, tamén adoitan entregar unha esmola en metálico, case sempre no intre de realizar os rituais xa mencionados. Hai anos era moi habitual que os devotos trouxesen figuras de cera, que representaban as partes do corpo polas que viñas ofrecidos, como pernas, mans, cabezas...(FOTO N° 13)

Ao rematar os oficios relixiosos, os fieis retornaban aos seus lugares de orixe agás que houbera festa profana. Neste caso adoitaba realizarse no lugar da “Campa”, aínda que o

⁴⁶ LADRA, Lois: *Religiosidade Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano*, Vila Real (Portugal): Cámara Municipal de Vila Real, Caderno Cultural, nº 24, IV. Serie, páx. 79.

⁴⁷ Esta freguesa hai uns corenta anos que leva realizando ambos os dous rituais.

⁴⁸ BLANCO PRADO, José Manuel: “A Devoción popular ao San Adrián na Terra Chá (Lugo)”, en Croa nº 27, Boletín do Museo dos Amigos do Castro de Viladonga, 2017, Castro de Rei (Lugo), páxs. 104-119.

máis habitual era que se celebrase na “Cortiña do Campo”. A festa caracterizábase polos carruseis, demandados polos cativos e mozos da parroquia; por algún bar ambulante ou da comisión de festas; e pola orquestra, que adoitaba actuar dende o anoitecer ata primeiras horas da mañá e que acostumaba ser unha das bases do lecer da parroquia. Hai lembranzas dunha festa, que organizou José de Peña Grande a principios da década dos noventa do século pasado ⁴⁹. Nesta, houbo moitos foguetes anunciando o evento; abondosos carruseis; cabezudos; xantares campestres ⁵⁰; e orquestras. No ano 2023, no interior da “Casa do Rizo” celebrouse un xantar para os veciños de Abragán e os seus invitados. **(FOTO 14).**

IX. BREVES CONSIDERACIÓNS ANTROPOLÓXICAS

Como xa referimos anteriormente, Abragán é unha freguesía relixiosa que foi suprimida como tal eclesiasticamente, malia o feito de aínda existir como parroquia civil. Moi probablemente, un dos últimos sinais identitarios nos que a comunidade se proxecta ciclicamente con carácter público é a romaría anual do San Berto. Esta data conmemórase todos os anos cada 24 de Agosto, en pleno estío festivo. Na misa e na procesión reúnen-se moitos dos fregueses, así coma os seus amigos e familiares, sen que falten devotos oriúndos doutras terras.

A pesar de pretender transmitir unha imaxe unitaria e ordenada, o certo é que, como en todas as manifestacións da relixiosidade popular, os conflitos de orde externa ou mesmo interna están decote latentes e ben presentes. Vexamos tan só un exemplo. A freguesía de San Bartolomeu de Abragán está integrada por catro barrios ou lugares: Abragán, Coedo, Lago e Laguiño; todos eles conforman unha aparente unidade parroquial no ámbito civil e todos eles, como parroquia, manteñen de vello unha certa rivalidade coa freguesía veciña de Marei. As memorias orais que recollemos no núcleo de Abragán aínda conservan e transmiten vellas rivalidades locais, moitas veces materializadas en coplas e cantares con claras invectivas dirixidas a certas aldeas e comunidades veciñas:

“Marei, Mariño;

Lago, Laguiño;

⁴⁹ Esta persoa era oriúnda de Madrid, mais fillo dunhas persoas que viviron nesta parroquia.

⁵⁰ Algo habitual nas festas de antano. As persoas que viñan de ofrenda a esta capela acostumaban traer a comida en cestas, que deixaban na “Casa do Rizo”.

San Simón e Samprizón...

...lugares da fame son”

Convén non esquecer o feito de que, dos seis lugares que refere a mencionada cantiga, catro deles –os dous primeiros e os dous últimos– pertencen á parroquia de Santa María de Marei, pero os dous centrais están vencellados á de Abragán. Por uns motivos ou por outros, o certo é que esta copla é coñecida tanto a nivel intraparroquial como noutras freguesías veciñas. Interpelados varios informantes sobre o significado máis fondo que se agacha baixo esta composición estrófica, non foron precisamente poucos os que indicaron que devotos oriúndos de todos estes barrios participaban antigamente na romaría do San Berto, pero que as disputas entre eles por diversos motivos estaban moi arraigadas e viñan de lonxe, incentivando ciclicamente certas rivalidades.

Sexa como for, o certo é que, todos os anos, cada 24 de Agosto, un heteroxéneo conxunto de devotos ao San Berto escenifica ritualmente o ideal dunha comunidade espiritual unida e ordenada, que celebra no interior da ermida un discurso de paz e harmonía na fe católica, posteriormente proxectado no espazo exterior inmediato á carballeira de Abragán. Con esta escenificación preténdense minimizar simbolicamente as tensións e os conflitos, invertendo metaforicamente unha cotiandade de existencia laboral para substituíla por unha festividade idealizadora dos valores de harmonía e convivencia pacífica. Nada novo, pois. Unha vez mais, a festa do santo repítese para inverter a realidade nun sentido oposto ao do Entroido. No día do San Berto haberá excepcionalmente paz e harmonía, por oposición aos conflitos cotiáns do resto do ano e no día do Entroido haberá excepcionalmente foliada e transgresión, por oposición ás estritas normas que rexen a sociedade.

Hoxe en día, os veciños de Lago, Laguiño e Coedo pertencen eclesiasticamente a Marei, mentres que os de Abragán están vencellados a Escoureda. Convén salientar que os de Coedo celebran hoxe a festa de Marei, en tanto que antigamente houbo anos en que se celebrou por duplicado o San Berto, xuntando aos veciños de Lago e Laguiño por un lado e aos de Abragán polo outro. Tamén se conservan algunhas memorias moi esvaídas que referen a pretérita celebración dunha feira paralela. Sexa como for, o certo é que a realidade pasada e presente non deixa de ser poliédrica, dinámica e complexa, amosando moitas mudanzas conxunturais.

Con este traballo pechamos un ciclo que se abriu hai mais de dez anos e que nos levou a estudar consecutivamente os catro santuarios existentes no termo municipal do Corgo: o da Virxe das Virtudes en Pedrafita⁵¹, o do San Bernabé no Castrillón⁵², o do Santo Anxo en Anseán⁵³ e o que agora vimos de presentar: o do San Berto en Abragán. Así pois, deste xeito fican recollidas coa súa correspondente descrición etnográfica todas as manifestacións da relixiosidade popular corguesa vencelladas aos seus respectivos santuarios locais.

X. BIBLIOGRAFÍA.

ARQUIVO CENTRAL DIOCESANO. PARROQUIA: ESCOUREDADA. ABRAGÁN (CAPILLA). Libro de Fábrica, nº 1. 1690-1769.

BLANCO PRADO, José Manuel: Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses, Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial, 1996.

BLANCO PRADO, José Manuel: “A Devoción popular ao San Adrián na Terra Chá (Lugo)”, en Croa nº 27, Boletín do Museo dos Amigos do Castro de Viladonga, 2017, Castro de Rei (Lugo), páxs. 104-119.

BLANCO PRADO, José Manuel: “Os Santuarios Marianos do Municipio do Saviñao (Lugo)”, *publicado en Rev. Croa, nº 30*, 2020, páxs. 69-87.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago, 1982, pág. 6.

FIGUEROA PAZ, Antonio: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). **Autor dos mapas de localización.**

GONZÁLEZ MURADO, Óscar: Estado das Igrexas do Corgo á principio do Século XVIII, en *Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo)*, nº 9, 2022, pág. 42

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Os Santos titulares de parroquias en Galicia*, Santiago: Sotelo Blanco, 2012.

⁵¹ BLANCO PRADO, José Manuel: “O santuario da Virxe das Virtudes”. Corga, 2011.

⁵² BLANCO PRADO, José Manuel: “Etnorrituais e ofrendas relixiosas a nivel popular...”. Corga, 2012.

⁵³ BLANCO PRADO, José Manuel: “Santuario do Santo Anxo de Anseán”. Corga, 2013.

LADRA, Lois: *Religiosidade Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano*, Vila Real (Portugal): Câmara Municipal de Vila Real, Caderno Cultural, nº 24, IV. Serie, páx. 79.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo. (1980): *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, páx. 93.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 13.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Santuarios mágicos de Galicia*, Vigo: Nigratrea, 2003

PRAT I CARÓS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, *en la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia. Servicio Nacional de Información Artística Arqueológica y Etnológica, 1975, páx. 13.

XI. ILUSTRACIÓNS.



***FOTO Nº 1. ALGÚNS DEVOTOS OEN A MISA SOLEMNE DENDE FÓRA DA CAPELA
POR FALTA DE ESPAZO.***



FOTO Nº 2. AS TRES IMAXES DO SAN BERTO E A IMAXE MARIANA DO CARME



FOTO Nº 3. ANTIGO XANTAR CAMPESTRE



FOTO Nº 4. RITUAL DA MISA CO INTERIOR DA CAPELA ATEIGADO DE DEVOTOS

de esta alcaz no nobenta y dos n y onae
 mas. 092-11
 y unco al final alq tiene esta 1a
 asu fava on mili nobenta y sei n
 y vte y sei mas. 81092-26

Revisar el Caudal de
 Esta Capilla y de
 mano de Su Mage
 Capon Deposito. lo
 Este.

Diez y sei n de onas tablas p^a la puerta. 016
 Diez y sei p^a las Viagras. 016
 Diez y sei p^a la llave y cerradura. 016
 Onze n de la Cerradura llave y tira
 dor del Capon. 011
 Diez y siete n q^e dio al Carpintero p^a
 hacer la puerta y los Maxcos q^e puso
 y Chavon. 017

Fui cuenta vte y sei n p^a hacer
 unuebo el pie del Caliz, q^e lo tenia
 de plomo, y se le arradieron siete onzas
 y media de plata; redificar la Copa

FOTO N° 5. DOCUMENTO DO LIBRO DE FÁBRICA

En Juan Saenz de Ruxuaga mi senor,
 Obpo y Senor de la Cua y Obpo de Lugo et
 Cono resullao, prologuando la lista Sen de
 su Obpo reconozco este libro de fabrica de la
 Capilla de Sⁿ Brice de Abrogan donde es
 Cura Don Antonio Xuméz de Pontela, y
 Maiox^{mo} Caetano Mourel con qⁿ se a^ug^{ta}
 taxon las q^{tas} sig.^{tes}
 Hazerele Cargo aeste Maiox^{mo}
 de Catorze fexados y entexio vestro
 p^r la medida v^{ra}, q^e aprecio de quarenta
 y cinco r^s, q^e su Alma talle la a
 neoa p^r la Uiepa. importan Ciento y siete
 n^o y medio — — — — — 0107-17
 Descargos:
 Trei n^o vestras quantas ————— 0003 00
 Decima diez n^o y de y quatro m^{as}. ——— 0010 24
 Subsidio real, y medio ————— 0001 16
 Suma la data quarenta y seis m^{as} 015-06
 Por q^e venenador queda a cargo

FOTO Nº 6. DOCUMENTO DO LIBRO DE FÁBRICA



***FOTO Nº 7. UNHA DAS IMAXES DO SAN BARTOLOMEU CUN DOS SEUS SIMBOLOS:
O COITELO.***



FOTO N° 8. RITUAL PROCESIONAL



FOTO Nº 9. A ENCARGADA DE FACER O RITUAL PASA O COITELO POLA CABEZA DA DEVOTA.



FOTO Nº 10. RITUAL DA PROCESIÓ.



FOTO Nº 11. A ENCARGADA DE REALIZAR O RITUAL PASA O COITELO POLA GORXA DUNHA DEVOTA.



FOTO Nº 12. RITUAL DE “POÑER O SANTO”



FOTO Nº 13. A ENCARGADA DE FACER O RITUAL PASA O COITELO POLAS COSTAS.



FOTO Nº 14. XANTAR CAMPESTRE



**FOTO Nº 15. A ENCARGADA DE LEVAR A CABO O RITUAL PASA O COITELO POLOS
XEONLLOS DA DEVOTA.**



FOTO Nº 16. A ENCARGADA DE FACER O RITUAL PASA O COITELO POR UNHA FOTO.